

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN***Anuncio*

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

BDNS (Identif.): 899047

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/899047>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, tierra o montaña, vehículos históricos y energías alternativas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2026, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>.

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

Axudas Deportivas | Deputación de Lugo

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 14 de abril de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 0954

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BEGONTE***Anuncio*

Extracto da Resolución da Alcaldía de 13 de abril 2026 polo que se aproban as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a Asociacións Culturais, Deportivas e Veciñais para a realización de actividades e convocatoria para o ano 2026

BDNS (Identif.): 898322